



Concello de Ortigueira

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Expediente: 771/2024

Na casa consistorial, sendo as catorce horas e vinte e dous minutos do día 8 de xullo de dous mil vinte e catro reúnen, por medios telemáticos mediante videoconferencia, a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), modificada mediante resolución da Alcaldía número 2024-0569 e que consta publicada no perfil do contratante o 9 de xuño de 2024.

-Contrato: concesión de servizos de hostalaría e restauración para o Festival. Anualidades 2024- 2025-2026-2027

A orde do día é a seguinte:

- 1.- Aprobación da acta das sesións do 27 de xuño de 2024
- 2.- Calificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Trastoy SL cumprimento requisitos para resultar adxudicataria do lote 3 e no seu caso proposta de adxudicación
- 4.- Requirimento a licitadora clasificada co número 4 do lote 1 en aras de eficiencia administrativa (aplicación artigo 140.3 da LCSP)

Asisten os seguintes membros da Mesa:

-Presidente: Jaime Vicente Ponce Piñón: concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

-Vogais:

- María Luisa Sierra Vale: secretaria accidental do Concello
- Silvia Lamelas Soto: interventora do Concello
- Alberto José Balboa Rodríguez, técnico de Deportes e coordinador do Festival do Mundo Celta de Ortigueira

-Secretaria: Iria Ponte Reiriz: técnica de Administración Xeral de Secretaría

Polo presidente declarase constituída a Mesa de Contratación por reunirse o quórum requirido,

1.- Aprobación da acta das sesións do 27 de xuño de 2024

Non se fan observacións

Non se fan observacións as actas das sesións anteriores, polo que se entenden aprobadas por unanimidade

2.- Calificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Trastoy SL cumprimento requisitos para resultar adxudicataria do lote 3 e no seu caso proposta de adxudicación

Dáse conta da documentación presentada con número de rexistro 2024-E-RE-1444 de data 3 de xullo de 2024. A mesa a analiza e declara que a solvencia achegada é a esixida para o lote.

4.- Requirimento a licitadora clasificada co número 4 do lote 1 en aras de eficiencia administrativa (aplicación artigo 140.3 da LCSP)

Dáse conta que a licitadora Salsanal Eventos S.L. CIF B566344462 non achegou documentación ningunha ao abeiro do requirimento efectuado o 28 de xuño de 2024 (número de minuta 2024-S-RE-1193), polo que en cumprimento da cláusula 22.3 do PCAP proceder efectuar proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, que é Eventos y Hostelería Trastoi SL CIF B70346127.

A mesa tamén acorda por unanimidade propo as penalizacións previstas no contrato ás licitadoras





Concello de Ortigueira

Eventos Paqui S.L., TOP Marcas S.L.U. e Salnasal eventos S.L, xa que non teñen achegado ningunha documentación en cumprimento dos requirimentos efectuados para resultar adxudicatarias do lote 1.

Tendo en conta o anterior, a mesa, acorda por unanimidade acorda:

1. Lote 1: requirir á licitadora Eventos y hostelería Trastoi S.L. para que no **PRAZO DE DOUS DÍAS HÁBILES** presente a seguinte documentación para o lote 1:

-Garantía definitiva por importe de 5000 € e acreditación da solvencia técnica por importe superior a 57491,41 €.

2. Penalizacións lote 1: en cumprimento do artigo 150.2 da LCSP propoñer ao órgano de contratación a imposición de penalizacións por importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, as seguintes licitadoras:

-Eventos Paqui S.L.

-Top Marcas S.L.U.

-Salsanal Eventos S.L.

Ademais do anterior, e ao amparo do 22.1.4 do PCAP, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1a) da LCSP (prohibicións de contratar).

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo catorce e corenta e catro minutos do 8 de xullo de 2024 estendéndose a presente acta, do que eu, como secretaria da Mesa, certifico

